

Iª CARREIRA E ANDAINA DAS CIDADES CONTRA O CANCRO DE PANCREAS VILAMARTÍN 25/11/2018

ACANPAN (Asociación de Cáncer de Páncreas) y AESPANC (Asociación Española de Pancreatología) en colaboración coa Delegación da F.G.A en Valdeorras, organizan a Iª CARREIRA E ANDAINA DAS CIDADES CONTRA O CANCRO DE PANCREAS, que se desenrolará en Valdegodos, no Concello de Vilamartin o vindeiro **25 de novembro do 2018**, a partir das **10.30 h.**

PROBA OFICIAL DA F.G.A

CIRCUÍTO:

As distancias son orientativas e non homologadas.

O circuítto consta de 11.000 m.

SAIDA e META estará situada no Colexio Publico Xose Manuel Folla Respino (Valdegodos-Vilamartin) (VER ANEXO)

INSCRICIÓN:



1º.- As inscricións para a Carreira e a Andaina se realizará a través a web de (<http://www.carreirasgalegas.com>), ou ben nos puntos habilitados para a mesma, ata as 21.00 h. do 22 de Novembro.

2º.- Formas de inscricións e prezos:

- Carreira (populares e federados)	Adultos 10 € con bolsa do corredor	Ata o 22 de Novembro En Vilamartin: Concello de Vilamartin, Fimar Consultores En O Barco: Garoba O Barco, Bicis Chapi O Barco, Trisport O Barco En A Rúa: Trisport A Rúa, Comercial Agrícola Alvaro Blanco En Rubiá: Librería Teresita En A Pobra de Trives: Bar Agenor
- Andaina	Adultos 10 € Nenos 5€ con bolsa do corredor	
- Carreira Popular (populares e federados) - Andaina	Adultos 10 € Nenos 5€ con bolsa do corredor hasta fin de existencias.	No mesmo día ata <u>1 hora antes do comezo da proba</u>

3º.- A retirada de dorsais realizarase na secretaría habilitada para tal fin, Colexio Publico Xosé Manuel Folla Respino (Valdegodos-Vilamartin) de 08.30 h. a 10.00 h.

4º.- Os participantes menores nados no 2003 e anteriores so porán participar na andaina e deberán de aportar a autorización dos pais ou titores.

**O importe da inscrición será destinado integramente para
a investigación do Cáncer de Páncreas.**

Agradecemos a inscrición con antelación.

REGULAMENTO:

1º.-Tódolos participantes terán asignado un dorsal, este irá situado no peito e terá que ser visible no desenrolo da proba.

2º.-Faranse control de paso en varios puntos do circuío que a organización establecerá durante o transcurso da proba polos cales terán que pasar os participantes para non ser **descalificados**.

3º.-As reclamacións deberán ser feitas verbalmente ao xuíz árbitro, non máis tarde de 40 minutos despois de comunicarse oficialmente os resultados.

4º.-Será motivo de **descalificación**, entre outros, os seguintes aspectos: non realizar todo o circuío da carreira, manipular o dorsal, falsificar datos persoais.

5º.-Todos os participantes o fan baixo a súa propia responsabilidade e polo feito de saír acepta o presente regulamento.

6º.- Seguro: todos os participantes estarán amparados por unha póliza de Responsabilidade Civil e accidentes deportivos, excluídos os casos derivados de un padecemento latente, imprudencia o inobservancia das leis, da normativa da competición, etc. Tamén quedan excluídos os casos producidos polo desprazamento; o lugar da competición ou dende o mesmo. Non se permitirá a existencia no percorrido de ningún vehículo axeno a organización, estando estes últimos debidamente identificados.

7º.- A organización dispoñerá de **SERVICIOS MÉDICOS E AMBULANCIA** dende una hora antes do comezo da carreira e ata media hora despois de pechar o acto. Os Servicios médicos, están facultados para retirar da carreira a calquera participante que manifestase un mal estado físico durante o desenvolvemento da mesma. **Así mesmo, recoméndase a todos os inscritos, leven a cabo antes de tomar parte na carreira un recoñecemento de aptitude médico-deportivo que descarte calquera patoloxía que impida a súa participación.**

8º.- O descoñecemento de este regulamento non exime do seu cumprimento.

9º.- Todo o non previsto na presente normativa se rexerá polas normas de competición da **FGA, RFEA e IAAF** para a presente tempada, así como todo o regulamentado por instancias superiores.

NOTA: Esta proba pertence ao Calendario Oficial da Federación Galega de Atletismo e mediante a súa inscrición o corredor consente expresamente que os seus datos básicos sexan cedidos a esta entidade para a tramitación, ante a compañía de seguros, dos seguros obrigatorios de accidentes e Responsabilidade Civil así como a xestión da licenza de día de ranking popular e probas de ruta. En todo caso e tal como establece a lei de Protección de Datos, o interesado pode exercer no futuro os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición mediante escrito ou correo electrónico á Federación Galega de Atletismo. Avda. de Glasgow 13 15008 A Coruña

PREMIOS:

- Trofeo os 3 primeiros clasificados das seguintes categorías:
Popular masculina e feminina.
Master "A" masculino y feminino.
Master "B" masculino y feminino.
- Trofeo o atleta mais veterán masculino e feminino.
- Trofeo o equipo (grupo ou familia) máis numeroso na andaina. Debes poñer o nome do teu equipo no formulario de inscrición.
- Trofeo o andarín mais maior (independentemente do sexo)
- Trofeo o andarín mais xove (independentemente do sexo)

HORARIO-CATEGORIAS e DISTANCIAS:

10.30H	ANDAINA	11.000 M
11.30H	CARREIRA	11.000 M
	POPULAR MASC. e FEM.	Dende o 2002 en adiante
	MASTERS MASC."A" e FEM."A"	35 A 54 anos
	MASTERS MASC. "B" e FEM."B"	55 anos en adiante
13.00H	ENTREGA DE TROFEOS	
14:30H	PINCHADA FIN DO EVENTO.	

CARREIRA POPULAR:
NADOS A PARTIR DO 2002 EN ADIANTE.

ANDAINA POPULAR:
PORAN PARTICIPAR TODAS AS IDADES.
Os participantes menores nados no 2003 e anteriores so poderán participar na andaina

ORGANIZA:



AESPANC
Asociación Española
de Pancreatología

COLABORAN:



Carreiras Galegas



**Iª CARREIRA E ANDAINA DAS CIDADES
CONTRA O CANCRO DE PANCREAS
VILAMARTÍN 25/11/2018**

